

# Do ventre da cóbrega

A FUGACIDADE DA VIDA

AUTOR: XAVIER SEOANE


## UN DOS POETAS

fundamentais da Xeración dos 80, Xavier Seoane, ofrece un novo título que afonda no ton elexiaco. O que fora Premio de Poesía Espiral maior no ano 2006 agasállanos con *Do ventre da cóbrega*, que somete o poema en todo momento a unha alta esixencia forma e expresiva, servindo este como reflexión radical sobre a condición efémera do ser humano.

O autor coruñés saca á rúa unha nova obra dentro do ámbito da creación literaria, deixando por un momento á marxe as súas achegas á arte e á animación cultural. O escritor, nado en 1954 na cidade herculina, pode presumir dunha extensa obra poética que iniciou xa en 1981 con *Os bosques escindidos*. Logo, obtivo o Premio Cidade da Coruña

por *Iniciación e regreso* (1985) e o Premio Esquíu por *Umbral da vida*, publicado en 1996.

Fundador e animador da revista *Luzes de Galiza* é, xunto a Antón Patiño, autor do manifesto *Hai suficiente infinito* (Xerais, 1999) e do ensaio *Atravesar o espello* (Xerais, 1999), vizosa reflexión sobre os libros e a lectura. Como narrador publicou a novela *Ábrelle a porta ao mar* (2000).



Xavier Seoane é unha das iconas máis importantes da Xeración dos 80, un grupo de literatos, con sobrada experiencia na vida, pero tamén na linguaxe, e que produciron e producen obras tan importantes como ignoradas en moitos casos.

Seguen os membros desta xeración a escribir poesías maduras que non fan máis que reafirmar a súa calidade literaria e que axuda a valorar e situar a poesía galega nun lugar no mundo. O que merece. Unha poesía galega ao nivel deste *Do ventre da cóbrega*, a nova obra de Xavier Seoane, un autor valente que non dubida en cualificar a poesía galega como pouco “arriscada” e con “demasiados tópicos”. El, que si

arrisca, introdúcenos nesta obra poemas altamente expresivos nos que fai unha reflexión fonda e acentuada arredor da condición do ser humano e a súa condición fuxidía. Unha obra que pretende comover o lector e convidar a unha reflexión sosegada do público. A elexía, en estado puro, cun tema –a fugacidade da vida– que representa o paradigma dun estilo habitual en Seoane. ●